



DNA CARMEN GÓMEZ OTERO, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE O PINO (A CORUÑA),

CERTIFICO:

Que con data 15 de xuño de 2018, a Xunta de Goberno Local, ACORDOU, por unanimidade aprobar o seguinte asunto:

<< APROBACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DA FESTA DO GALO. EXPEDIENTE CONTRATACIÓN Nº CS 4.2018

Conforme ao artigo 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as entidades locais, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para celebrar contratos.

O artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público determina que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación, motivando a necesidade do contrato.

Sendo necesario para este Concello contratar o servizo de organización da Festa do Galo 2018, debido á necesidade da súa celebración polo seu carácter social e cultural que permite aos cidadáns noso Concello desfrutar de actividades lúdicas, culturais e de esparcemento, e por tanto, considerando conveniente efectuar a contratación a unha empresa por non ser posible a prestación do mesmo con medios propios, mediante un contrato de servizos.

O referido contrato débese cualificar como contrato de servizos, por aplicación do artigo 17 da LCSP e Anexo II DO Real Decreto 1098/2001, PROPONSE a tramitación aberta simplificada abreviada do expediente, utilizando o procedemento aberto e tendo en conta varios criterios de adxudicación, ao obxecto de seleccionar a oferta economicamente máis vantaxosa.

A Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 28.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, en calidade de órgano de contratación en virtude do Decreto de Alcaldía de delegación de competencias en materia de contratación -, xustifica a necesidade de acudir ao contrato administrativo de servizos en base á insuficiencia de medios persoais e materiais, e por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DA FESTA DO GALO 2018, por tramitación aberta simplificada abreviada.

Segundo.- Seguir como procedemento de adxudicación o aberto, en base aos artigos 141 e seguintes da LCSP, establecendo varios criterios de adxudicación, de conformidade co artigo 134 da LCSP, para seleccionar a oferta economicamente máis vantaxosa.

Terceiro.- Aprobar e incorporar ao expediente o Prego de Cláusulas Económico- Administrativas Particulares que haxa de rexer o contrato e os Pregos de Prescricións Técnicas. Así mesmo, deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención, así como informe da Secretaría.

Cuarto.- Publicar a presente resolución no perfil del contratante de esta Administración, aos efectos previstos no artigo 116.1 de la Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-.->

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa salvedade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expídese a presente en O Pino, a 19 de xuño de 2018

Vº E PRACE
O ALCALDE

